



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2025/G010/000008

Expediente núm.: 2025/G003/001509

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias plenarias, que deberán celebrarse cada dous meses, o cuarto venres dos meses impares, ás 21:00 horas (nove da noite).

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **26 DE SETEMBRO DE 2025 (VENRES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA



PARTE RESOLUTIVA

1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES:

- ORDINARIA: núm. 2025/06, do 23 de xullo de 2025
- EXTRAORDINARIA E URXENTE: núm. 2025/07, do 2 de setembro de 2025

A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación será/n achegada/s xunto coa presente convocatoria.

1.2.-DAR CONTA ESCRITO DE DATA 28/07/2025 DA INCORPORACIÓN AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLEIRO MANUEL RAFAEL LIÑARES GONZÁLEZ, REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 20250000003619/30-07-2025

1.3.-DAR CONTA ESCRITO DE DATA 28/07/2025 DA DESIGNACIÓN DE COMPOÑENTES QUE HAN DE REPRESENTAR AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE SANTA COMBA NOS ÓRGANOS COLEXIADOS, REXISTRO DE ENTRADA NÚM. 20250000003620/30-07-2025

1.4.-Expediente núm.: 2025/T002/000034

Proposta de Resolución

Procedemento: Transferencias de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto
Asunto: Modificación presupuestaria 34/2025 TC 17/2025, Pleno, amortización préstamo ICO 803754 (Mecanismo de pago a provedores)
Data de iniciación: 16/9/2025
Documento asinado por: Alcaldía

1

1.5.-Expediente núm.: 2025/T002/000035

Proposta de Resolución

Procedemento: Modificación Presupuestaria
Asunto: Modificación Cadro de personal. Personal laboral fixo
Documento asinado por: Alcaldía

1.6.-Expediente núm.: 2024/X999/000473

Proposta de alcaldía: Concello - Pleno

Procedemento: Plan Estratéxico de Subvencións
Asunto: Modificación Plan Estratéxico de Subvencións 2024/2027. Versión setembro/2025
Documento asinado por: Alcaldía

1.7.- Expediente núm.: 2025/T002/000039

Procedemento: Modificación Presupuestaria
Asunto: Aprobación Anexo subvención nominativas 2025.
Competencia: Pleno
Documento asinado por: Alcaldía

1.8.-PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Expediente núm.: 2025/C006/000001.

Asunto: APROBACIÓN DA ESTRUCTURA DE CUSTOS E A FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS PARA A NOVA LICITACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA

1.9.- MOCIÓN



PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)
2.1.- MOCIÓNS
2
2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: do 1033/2025 do 14 de xullo de 2025 ao 1376/2025 do 12 de setembro de 2025 (ambos inclusive); ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: núm. 2025/14 do 12 de agosto de 2025; núm. 2025/15 do 26 de agosto de 2025; núm. 2025/16 do 9 de setembro de 2025.
2.3.- ROGOS E PREGUNTAS

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Pleno do Concello para a súa aprobación e da acta da Xunta de goberno local núm. 2025/16 do 9 de setembro de 2025 para dar conta:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL



JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MANUEL RAFAEL LIÑARES GONZÁLEZ.		NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada